



ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE CORISTANCO

Preámbulo

O réxime xurídico das subvencións regúlase na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LGS, en diante), e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O artigo 17.2 da citada Lei dispón a obrigaçión de que se establezan as oportunas bases reguladoras das subvencións que se vaian conceder polas corporacións locais, que “se deberán aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións”.

As bases de execución do orzamento defínense no art. 9 do RD 500/1990 como “a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade e dos seus Organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que se poida modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas do preceptuado para o orzamento”.

Do literal do precepto transcrito, dedúcese que ese “marco” das bases de execución aplicado ás subvencións non pode facer referencia máis que aos aspectos orzamentarios da xestión do gasto derivado das subvencións, non ás bases reguladoras, cuxo instrumento é, necesariamente, a ordenanza (“a través dunha ordenanza”, no literal do art. 17.2 LGS), polo carácter normativo das devanditas bases, que debe publicarse integramente no BOP, requisito do que carecen as bases de execución do orzamento.

A modalidade de ordenanza que se adoptou foi a de incluír, en único texto, as bases reguladoras específicas de cada unha das diferentes liñas de subvencións que ten previsto xestionar este concello, con distinción do réxime específico de cada unha delas, e agrupando as disposicións de carácter común a todas elas no Título I.



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tíf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

Así, no Título II contéñense as bases reguladoras específicas das subvencións deportivas, no



Título III as achegas as asociacións culturais e no Título IV as subvencións ás ANPAS. O articulado comprende o contido mínimo previsto no apartado 3 do art. 17 da LGS. A ordenanza debe regular con certa xeneralidade as bases das subvencións, concretándose na posterior convocatoria os aspectos máis específicos, cuxo contido mínimo establécese no apartado 2 do art. 23 da LGS, motivo polo cal determinados preceptos desta ordenanza remítense á mencionada convocatoria, cuxa natureza xurídica é a dun acto administrativo de carácter xeral.

As axudas en materia de inclusión social regúlanse de xeito independente na ordenanza aprobada inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2021 e publicada no BOP n.º 75, do 23 de abril de 2021.

TÍTULO I

Bases reguladoras de carácter común para a concesión de subvencións

Artigo 1.-Réxime xurídico.

A concesión de subvencións axustarase ao disposto nas seguintes disposicións:

- a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- c) Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- d) Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se regula o texto refundido da Lei de facendas locais.
- e) RD 500/1990, polo que se desenvolve o Réxime orzamentario das entidades locais.
- f) As presentes bases reguladoras.
- g) A resolución da convocatoria correspondente.

Artigo 2.-Beneficiarios.

1. Como regra xeral poderán ser beneficiarios das subvencións ou axudas para as que exista consignación orzamentaria: as persoas físicas, xurídicas, e as súas agrupacións carentes de personalidade, así como outras entidades públicas e privadas, que o soliciten, teñan suficiente capacidade de obrar e non se atopen inhabilitadas para a obtención de subvencións públicas ou para contratar co Estado ou outros entes



CONCELLO DE
CORISTANCO

públicos

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal



As convocatorias especificarán o tipo e condicións das persoas ou entidades que, en cada caso, poidan ser beneficiarios e membros asociados ao beneficiario. Con todo, o ámbito subxectivo desta Ordenanza é o das persoas e entidades beneficiarias que desenvolvan actividades das sinaladas nos Títulos II, III e/ou IV desta Ordenanza.

2. Os beneficiarios deberán acreditar ante o Concello que reúnen condicións de solvencia económica, técnica e profesional para realizar a actividade de que se trate, nos casos e prazos que determine a convocatoria.

3. A admisión a trámite dunha solicitude de subvencións ou axudas non xerará compromiso algún de concesión daquela.

Artigo 3.-Convocatorias de axudas e subvencións.

1. O Concello de Coristanco fará públicas as convocatorias necesarias para a concesión de subvencións, que se realizarán mediante resolución da Alcaldía ou órgano no que delegue.

2. O procedemento para a concesión iniciarase de oficio mediante resolución de convocatoria que deberá prever o contido do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

3. Na convocatoria deberá figurar:

a) As subvencións que se convocan na mesma así como a compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións convocadas.

b) O seu obxecto, condicións e finalidade.

c) A determinación de que a adxudicación levarase a cabo en réxime de concorrencia

d) Os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes e a forma de acreditarlos.

e) O prazo de presentación de solicitudes e órgano ao que haxan de dirixirse as mesmas, ás que serán de aplicación as previsións do artigo 23.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f) O modelo de solicitude.

g) A documentación que haxa de acompañar ao impreso de solicitude.

h) O órgano instrutor do procedemento e a comisión de valoración.



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

- i) Os criterios específicos de valoración de solicitudes para a axuda ou subvención convocada,



sen prexuízo dos criterios de carácter xeral.

j) A contía total máxima das subvencións dentro dos créditos dispoñibles ou, na súa falta, a contía estimada de cada unha, así como a forma de pago das mesmas, e no seu caso as garantías que deban constituírse.

k) O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a correspondente resolución de concesión.

l) O prazo durante o cal as renuncias dos beneficiarios permitan a concesión da subvención a outros solicitantes mellor posicionados, cando na devandita renuncia liberouse crédito suficiente para atender polo menos una das solicitudes denegadas.

m) Os medios de notificación ou publicación de acordo co previsto no artigos 39 ao 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas..

n) O prazo e forma de xustificación, por parte do beneficiario, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

ñ) No seu caso, a posibilidade de reformular solicitudes de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4. O procedemento de concesión que se regula na presente Ordenanza é o de concorrencia, tanto en réxime de concorrencia competitiva, entendendo como tal aquel procedemento mediante o cal a concesión de subvencións realízase mediante comparación das solicitudes presentadas nos termos do artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, como concorrencia no competitiva, entendendo por tal aquel no que só se verifica a concorrencia da situación ou requisitos esixidos na convocatoria, como determinantes da subvención.

Artigo 4.–Solicitudes: formato e documentación, lugar de presentación, prazo, corrección e desistencia.

1. Formato e documentación.

O orixinal asinado da solicitude deberá acompañarse da documentación seguinte, sen prexuízo doutra que poida concretarse en cada convocatoria:

a) Documentación acreditativa da personalidade e, no seu caso, a capacidade para actuar en representación do solicitante.



b) Certificado en que se acredite estar ao corrente de obrigacións tributarias e de Seguridade Social, excepto nos casos establecidos no artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A resolución de convocatoria poderá prever que a solicitude de subvención conleve a autorización do solicitante para que o Concello obteña, de forma directa, a acreditación das circunstancias indicadas no parágrafo anterior, a través de certificados telemáticos.

c) Declaración expresa de non recibir, no seu caso, outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados incompatibles para os mesmos proxectos, programas ou actividades obxecto de subvención ou axuda de acordo co establecido no artigo 33 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

d) Declaración xurada de non atoparse incurso nalgunha das situacións enumeradas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os solicitantes non estarán obrigados a presentar aqueles documentos que xa obren en poder do Concello, sempre que non experimentasen modificación algunha desde a súa achega, de conformidade co establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común.

2. Lugar e modo de presentación.-

A presentación de solicitudes, así como doutros escritos e comunicacións pode realizarse de modo físico (unicamente as persoas físicas que de conformidade co artigo 14.2 da Lei 39/2015 non estean obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas) ou telemático.

A presentación de modo físico en soporte papel poderá realizarse persoalmente ante o Rexistro do Concello de Coristanco ou en calquera outro que se determine na convocatoria, e irán dirixidas ao Sr. alcalde do Concello.

A presentación de modo telemático levarase a cabo, mediante o formulario cumprimentado correspondente, a través da sede electrónica do Concello mediante a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

dirección electrónica: <https://sede.coristanco.gal>.

Os escritos, solicitudes e comunicacións presentados ante a citada sede electrónica, deberán



estar asinados electronicamente, mediante unha firma electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, segundo o disposto na Lei sobre firma electrónica. A sede emitirá automaticamente un resgado acreditativo da presentación do escrito, solicitude ou comunicación que poderá ser arquivado ou impreso polo interesado.

3. Prazo.-

O prazo para a presentación de solicitudes será, salvo que a convocatoria estableza outro distinto, dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución da correspondente convocatoria no «Boletín Oficial da provincia».

4. Corrección.-

Se a documentación achegada fose incompleta ou presentase erros emendables, o órgano instrutor do procedemento designado na convocatoria requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con advertencia de que se non o fixese, teráselle por desistido na solicitude.

5. Desistencia.-

O solicitante en calquera momento do procedemento de concesión poderá desistir da súa petición conforme o disposto nos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015.

Artigo 5.-Procedemento de concesión.

1. A concesión das subvencións e axudas reguladas na presente Ordenanza realizarase en réxime de concorrencia mediante convocatoria e procedemento selectivo únicos.

O procedemento de concesión aterase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao Regulamento da devandita Lei, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas seguintes singularidades:

2. A instrución do procedemento realizarase polo órgano que se designe na convocatoria correspondente. Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, e formulará a proposta de resolución que se elevará á Alcaldía ou órgano na que este



CONCELLO DE
CORISTANCO

delegue.

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal



Porén, a convocatoria poderá determinar que a avaliación das solicitudes se realice por unha Comisión de valoración cuxa composición se especificará en cada convocatoria, e da que formará parte persoal do servizo que realiza a convocatoria. Neste último caso, será esta Comisión a competente para emitir o informe previsto no parágrafo anterior, así como para formular a proposta de resolución.

Cando as bases reguladoras así o establezan, formularase proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederase un prazo de dez días para presentar alegacións.

A convocatoria de subvención poderá establecer un procedemento de preavaliación de solicitantes que deberá realizar a correspondente comisión de valoración.

Con todo, cando así o previse a convocatoria poderá procederse ao prorrateo, entre os beneficiarios, do importe global máximo destinado á subvención.

3. A comisión de valoración, (no caso de facer uso de esta posibilidade na valoración das solicitudes), establecerá a prelación ou prorrateo entre todas as solicitudes presentadas, de acordo cos criterios xerais de valoración que se inclúen nas presentes bases reguladoras e os específicos que estableza a convocatoria correspondente, formulando a oportuna proposta de resolución provisional que deberá ser motivada e expresar:

a) A persoa ou persoas, a entidade ou entidades solicitantes para as que se propón a concesión da axuda, así como a contía e condicións da mesma.

b) A prelación valorada daquelas solicitudes para as que se propón a denegación da axuda, no seu caso, para substituír ao beneficiario nos supostos de renuncia ou incumprimento de condicións por parte deste.

Con todo, a resolución de convocatoria poderá exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas, que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación.

4. Unha vez aprobada a resolución provisional, en caso de que as bases determinaran



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

a necesidade dunha resolución provisional, será notificada aos interesados nos termos previstos



nos artigos 40 ao 42 da Lei 39/2015, ou ben publicada de acordo co previsto no artigo 45, concedéndose un prazo de dez días para a presentación de alegacións e trámite de audiencia, do que se poderá prescindir cando non figuren nin sexan tidos en conta outros feitos nin alegacións que as aducidas polos interesados.

A fin de axilizar no posible os procedementos de concesión, poderán preverse, nas distintas convocatorias, as formas e medios máis rápidos para levar a cabo o trámite de alegacións incluída unha notificación individual ou colectiva da resolución provisional e a presentación de alegacións por fax ou por medios telemáticos.

Artigo 6.–Criterios de outorgamento e valoración.

A valoración e selección dos beneficiarios realizarase de conformidade cos principios de obxectividade, publicidade e non discriminación de acordo co procedemento correspondente e poderán ser utilizados, entre outros, os criterios de valoración determinados nos Títulos II ao IV para cada modalidade de subvención.

Artigo 7.–Resolución, publicidade e recursos.

1. Finalizado o proceso de selección, a concesión das subvencións aprobarase mediante resolución alcaldía ou órgano na que esta delegue.

Dita resolución deberá facer constar expresamente as solicitudes desestimadas e o motivo. Asemade, poderá declararse deserta total ou parcialmente a convocatoria.

A concesión ou denegación da subvención deberá notificarse ou publicarse de acordo co disposto na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

2. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. No caso de que algún dos beneficiarios formule a súa renuncia expresa á subvención no prazo sinalado, poderá acordarse a concesión ao solicitante ou solicitantes que se atopen mellor posicionados na relación prevista no artigo 5.



3. O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ou denegación das subvencións será o que fixe, para cada caso, a correspondente convocatoria que non poderá exceder de seis meses. O vencemento do prazo máximo que se fixou na convocatoria sen notificarse a resolución de concesión, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

4. A resolución do procedemento de concesión pon fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 8.-Contía e pago de subvencións.

1. A contía das subvencións e axudas determinarase de acordo co establecido no artigo 32.1 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo que a resolución de convocatoria estableza un sistema de cálculo distinto ao da «porcentaxe do custo final da actividade».

2. Tanto a concesión da subvención como a súa concreta contía quedarán supeditadas ás dispoñibilidades orzamentarias do exercicio en que se financien as axudas reguladas nas presentes bases.

3. A forma de pago e contías de subvención que conceda o Concello de Coristanco, virán determinadas na respectiva convocatoria que poderá especificar, dentro dos límites orzamentarios, se a dotación económica é fixa ou variable e se o pago pode facerse en forma de pago único ou fraccionado e de forma anticipada ou con posterioridade á realización da actividade subvencionada.

4. A convocatoria especificará, en función do tipo de gasto subvencionable, se se admite o pago por anticipado, ou a conta, da subvención e, no seu caso, se os beneficiarios deben ou non achegar garantías. Cando deba achegarse garantía, a convocatoria fixará as condicións concretas da mesma, nos termos que establecen os



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tíf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

artigos 42 e seguintes do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



Artigo 9.–Compatibilidade de subvencións e subcontratación.

A compatibilidade ou incompatibilidade das subvencións que conceda o Concello de Coristanco con outro tipo de subvencións, axudas ou outros ingresos que financien a mesma actividade subvencionada virá especificada na convocatoria. Con todo, a obtención concorrente doutro tipo de axudas, subvencións ou ingresos públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros para a mesma finalidade e ao mesmo beneficiario, así como toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar a unha modificación da resolución de concesión e, no seu caso, ao reintegro da subvención.

Artigo 10.–Obrigacións do beneficiario e deber de xustificación.

1. Os beneficiarios das subvencións que conceda o Concello de Coristanco quedan obrigados, con carácter xeral, ao cumprimento das obrigacións que establece o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en particular a:

a) Cumprir co obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión das subvencións, nos prazos e condicións especificados na correspondente convocatoria e resolución de concesión.

b) Xustificar ante o Concello de Coristanco o cumprimento dos requisitos e condicións para concorrer á subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

c) Comunicar ao Concello de Coristanco a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas

d) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se acha ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social na forma que se determina no artigo 22.2 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e coas excepcións recollidas no seu artigo 24.

Con todo, cando o beneficiario non estea obrigado a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren as obrigacións anteriores, o seu cumprimento acreditarase mediante declaración responsable.

e) Facilitar tanta información lles sexa requirida polo Concello de Coristanco, pola



CONCELLO DE
CORISTANCO

Intervención

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal



municipal e polo Tribunal de Contas e someterse ás actuacións de comprobación que poidan efectuar estes órganos en relación coa concesión ou xustificación da subvención.

f) Cumprir as obrigacións ou deberes que especificamente estableza a respectiva convocatoria para cada tipo de subvención.

g) O beneficiario adoptará as medidas de difusión necesarias para dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento obxecto da subvención, incluíndo a imaxe institucional do Concello de Coristanco e especificando o seu papel de Institución de fomento, na totalidade das accións de divulgación que se leven a cabo polo beneficiario.

2. De conformidade co previsto no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e coas condicións ou requisitos que, para cada tipo de subvención, determine a respectiva convocatoria, a xustificación das subvencións que conceda o Concello de Coristanco poderá realizarse dalgún dos modos seguintes:

a) Con carácter previo ao pago (pago en firme), mediante presentación da documentación que acredite os requisitos esixidos na resolución de concesión da subvención.

b) Con posterioridade ao pago (pago a xustificar), nos prazos e condicións que fixe a respectiva convocatoria, mediante a presentación dunha conta xustificativa dos gastos subvencionables ou mediante presentación da documentación que acredite a realización da actividade subvencionada de acordo coa regulación do artigo 30.2 da Lei Xeral de Subvencións e dos artigos 72 a 75 do seu Regulamento.

A propia resolución de convocatoria poderá establecer a posibilidade das dúas modalidades de xustificación contempladas nos apartados anteriores, establecendo criterios obxectivos para a aplicación dunha ou outra modalidade.

3. A forma de xustificación deberá realizarse por calquera das modalidades contempladas na Lei Xeral de Subvencións, o seu Regulamento de desenvolvemento, así como polos medios, físicos e electrónicos, que estableza cada convocatoria ou resolución de concesión.



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

A resolución de convocatoria, en virtude do establecido no artigo 72.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, poderá fixar o contido da conta xustificativa, adaptándoa ao obxecto ou natureza da subvención, sen prexuízo da obrigación do beneficiario de gardar e poñer ao dispor



do Concello de Coristanco todas as facturas e demais documentos que acrediten os gastos obxecto da subvención en que incorresen.

Así mesmo, poderá dispoñer que as facturas que xustifiquen os gastos poidan presentarse en fotocopia compulsada, sempre que non poda aportarse factura electrónica que reúna os requisitos de verificación electrónico do tipo CSV.

Ademais nos casos en que se estableza, como medio de xustificación, a conta xustificativa simplificada, a propia convocatoria poderá establecer a técnica de mostraxe. Tamén poderá levar a cabo o procedemento de estampillado dos xustificantes orixinais, de acordo co establecido no artigo 73 do Regulamento da Lei de Subvencións sempre que o prevea a resolución de convocatoria.

Artigo 11.-Incumprimento, modificación, renuncia e reintegro.

1. O incumprimento por parte do beneficiario das obrigacións que lle incumban establecidas nas presentes bases e demais normas aplicables, así como das que se establezan na correspondente resolución de concesión dará lugar ao reintegro ou, no seu caso, á perda do dereito á cobranza da subvención e ao abono dos intereses de demora desde o pago da subvención, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En tales supostos será de aplicación o procedemento previsto nos artigos 42 e 43 da citada norma legal.

2. Así mesmo, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución de convocatoria poderá establecer os supostos nos que, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario pode solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que non vaia en prexuízo de terceiros.

3. Nos procedementos de reintegro o Concello de Coristanco poderá acordar a devolución total ou parcial das cantidades percibidas, en función da causa ou motivo de reintegro, tendo en conta o grao en que o cumprimento efectivo do beneficiario se aproxime ao cumprimento total legalmente esixido da actividade subvencionada, sempre que se acredite ademais unha indubidable actuación dirixida ao cumprimento



CONCELLO DE
CORISTANCO

das súas obrigacións.

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal



4. En caso de renuncia o beneficiario deberá presentar a correspondente solicitude fundamentada, dirixida á alcaldía do Concello de Coristanco, quen resolverá, se procede, a devolución total ou parcial das cantidades percibidas ou soamente a anulación dos abonos pendentes.

En tales supostos poderá concederse a subvención ao beneficiario suplente segundo a orde de puntuación obtido no proceso de selección.

5. As subvencións que conceda o Concello de Coristanco estarán suxeitas ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6. A competencia para impoñer as sancións previstas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións corresponde ao órgano que teña atribuída a competencia para a resolución da concesión, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar de conformidade coas normas reguladoras da Administración Local.

Artigo 12.-Información e publicidade de subvencións concedidas.

O xestor da subvención deberá facilitar á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) os datos da adxudicación, pago, reintegro e demais incidencias que deriven da convocatoria publicada a través da mencionada BDNS e que sexan esixibles pola normativa vixente.

TÍTULO II

Bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao fomento do deporte

Artigo 13.-Obxecto das bases.

Unha das liñas básicas da política deportiva municipal é o fomento do deporte de base. Os instrumentos cos que conta o Concello de Coristanco para iso é fundamentalmente as axudas económicas aos clubs deportivos, os programas de dinamización deportiva no eido escolar, e a posta a disposición dos clubs deportivos das instalacións e dotacións deportivas coas que conta o Concello.

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións e axudas,



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

en réxime de concorrencia, que outorgue o Concello de Coristanco no seu ámbito competencial en materia



de deporte.

Artigo 14.-Finalidade e obxectivos das subvenciones e axudas.

A finalidade destas subvencións é fomentar a práctica do deporte tanto mediante a axuda aos propios deportistas, como aos clubs ou entidades deportivas sen ánimo e lucro para a realización das súas actividades.

As subvencións e axudas a que se refire esta Ordenanza son as que se outorguen con cargo ao Orzamento do Concello de Coristanco, conforme o que se determine nas correspondentes resolucións de convocatoria, e teñan por finalidade o cumprimento dalgún ou varios dos seguintes obxectivos:

- a) Fomentar a práctica do deporte en xeral, e particularmente o deporte de base.
- b) Incentivar o rendemento deportivo, así como a participación en competicións de alto nivel.
- c) Fomentar e promover a actividade de clubs e entidades deportivas cuxo marco de actuación sexa o municipio de Coristanco.
- d) Estimular o asociacionismo deportivo escolar e xuvenil.

Artigo 15.-Límites.

O límite das subvencións a conceder determinarase en cada convocatoria, non podendo exceder do importe da aplicación orzamentaria.

Asemade, na convocatoria poderán fixarse límites individuais para cada tipo de beneficiario (individual, equipo, entidade...), e especificarase o sistema de selección que se aplicará en caso de que o número total de solicitantes que cumpren os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria que se sinale na convocatoria.

Nestes casos, será a convocatoria a que estableza se serán rexeitadas as solicitudes que obteñan menos puntuación na avaliación ou ben se se efectuará unha minoración proporcional nos importes das axudas a conceder, ata que o importe total da concesión se equipare a dita previsión.

Artigo 16.-Beneficiarios.

Os beneficiarios deberán reunir os requisitos xerais establecidos na LGS, no Título I desta ordenanza, e os específicos que se concreten en cada convocatoria.



Artigo 17.-Criterios de outorgamento e valoración.

Os criterios de outorgamento e concesión concretaranse en cada convocatoria, debendo ser adecuados ao fin perseguido a ao obxecto da convocatoria.

Poderán ser, entre outros, os seguintes:

1. Actividade de deportistas individuais ou en equipo:

- a) En función da distancia desde Coristanco ao lugar de celebración da competición.
- b) En función da categoría da competición (rexional, autonómica, española, europea, mundial, ou outra).
- c) En función dos resultados obtidos nos campionatos.

2. Actividade de clubs ou asociacións deportivas:

- a) Grado de interese xeral da actividade.
- b) Representatividade e participación.
- c) Número de categorías nas que compitan.
- d) A coordinación e complementariedade cos programas municipais.
- e) Organización e desenvolvemento de actividades deportivas autóctonas ou que comporten a promoción e divulgación dos valores propios da comunidade galega.
- f) Autofinanciamento da actividade.
- g) Permanencia da actividade.

TÍTULO III

Bases reguladoras para a concesión de subvencións para asociacións culturais.

Artigo 23.-Obxecto das bases.

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións e axudas en réxime de concorrencia, que outorgue o Concello de Coristanco ás asociacións municipais cuxa actividade se desenvolva de xeito continuado ao longo do ano e no ámbito da cultura, ocio, tempo libre, en representación dos intereses veciñais, no seu ámbito competencial en materia de participación cidadá, promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

Artigo 24.-Finalidade e obxectivos.



A finalidade destas axudas é mellorar a calidade de vida da poboación de Coristanco, fomentando un uso activo do seu tempo libre, así como promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega.

O obxectivo é estimular a actividade das asociacións sen ánimo de lucro cuxo obxecto é a realización de actividades culturais, educativas, e lúdicas dirixidas ao público, contribuíndo ao financiamento das actividades organizadas por estas entidades, axudando á diversificación da oferta de actividades de tempo libre.

Artigo 25.-Límites.

O límite xeral das subvencións determinarase en cada convocatoria, non podendo exceder do importe da aplicación orzamentaria.

Asemade, na convocatoria poderán fixarse límites individuais para cada tipo de beneficiario, e especificarase o sistema de selección que se aplicará en caso de que o número total de solicitantes que cumpren os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria que se sinale na convocatoria.

Nestes casos, será a convocatoria a que estableza se serán rexeitadas as solicitudes que obteñan menos puntuación na avaliación ou ben se se efectuará unha minoración proporcional nos importes das axudas a conceder, ata que o importe total da concesión se equipare a dita previsión.

Artigo 26.-Beneficiarios.

Os beneficiarios serán entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Coristanco e reúnan os requisitos xerais establecidos na LGS, no Título I desta ordenanza, ademais dos que se concreten de xeito específico en cada convocatoria.

Artigo 27.-Criterios de outorgamento e valoración. Os criterios de outorgamento e concesión concretaranse en cada convocatoria, debendo ser adecuados ao fin perseguido a ao obxecto da mesma.

Poderán ser, entre outros, os seguintes:

a) Grado de interese xeral da actividade.



- b) Representatividade e participación.
- c) Coordinación e complementariedade cos programas municipais.
- d) Organización e desenvolvemento de actividades autóctonas ou que comporten a promoción e divulgación dos valores propios da comunidade galega.
- e) Autofinanciamento da actividade.
- f) Permanencia da actividade.

TÍTULO IV

Bases reguladoras para a concesión de subvencións para Asociacións de Nais e Pais de alumnos (ANPAS) dos centros de ensino do Concello de Coristanco.

Artigo 28.–Obxecto das bases.

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións e axudas en réxime de concorrencia, que outorgue o Concello de Coristanco ás Asociacións de Nais e Pais de alumnos dos Centros Educativos do Concello de Coristanco que xestionen o desenvolvemento de actividades, complementarias ás educativas e que con carácter preferente contribúan a fomentar a conciliación da vida persoal e laboral dos veciños de Coristanco.

Artigo 29.–Finalidade e obxectivos.

A finalidade destas axudas é fundamentalmente favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e profesional dos pais e nais fora dos horarios lectivos, ofertando ao mesmo tempo aos nenos oportunidades de coñecer e desenvolver actividades de ocio, deporte e tempo libre ca finalidade de mellorar o seu propio desenvolvemento persoal e facilitar a súa integración e participación social.

Artigo 30.–Límites.

O límite xeral das subvencións determinarase en cada convocatoria, non podendo exceder do importe da aplicación orzamentaria.

Asemade, na convocatoria poderán fixarse límites individuais para cada tipo de



CONCELLO DE
CORISTANCO

beneficiario, e

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal



especificarase o sistema de selección que se aplicará en caso de que o número total de solicitantes que cumpran os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria que se sinala na convocatoria.

Nestes casos, será a convocatoria a que estableza se serán rexeitadas as solicitudes que obteñan menos puntuación na avaliación ou ben se se efectuará unha minoración proporcional nos importes das axudas a conceder, ata que o importe total da concesión se equipare a dita previsión.

Artigo 31.–Beneficiarios.

Os beneficiarios serán Asociacións de Nais e Pais de alumnos legalmente constituídas, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Coristanco e reúnan os requisitos xerais establecidos na LGS, no Título I desta ordenanza, ademais dos que se concreten de xeito específico en cada convocatoria.

Artigo 32.–Criterios de outorgamento e valoración. Os criterios de outorgamento e concesión concretaranse en cada convocatoria, debendo ser adecuados ao fin perseguido a ao obxecto da mesma.

Poderán ser, entre outros, os seguintes:

- a) Grado de interese xeral da actividade.
- b) Representatividade e participación.
- c) Flexibilidade horaria.
- d) Coordinación e complementariedade cos programas municipais
- e) Autofinanciamento da actividade.
- f) Permanencia da actividade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nesta Ordenanza de carácter xeral será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións nos seus preceptos básicos, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e canto establece a normativa estatal de réxime local.

DISPOSICION FINAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE -
TRABA 15147 - CORISTANCO -
A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 -
correo@coristanco.gal

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorra o prazo de quince días hábiles desde a publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Coristanco, 18 de novembro de 2021

O alcalde, Juan Carlos García Pose